

REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vixente Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de Convivencia Universitaria, establece un novo réxime de infraccións e sancións disciplinarias dos estudantes universitarios, despois de derrogar o anacrónico e preconstitucional Regulamento de Disciplina Académica dos Centros Oficiais de Ensino Superior e de Ensino Técnico dependentes do Ministerio de Educación Nacional, aprobado por Decreto do 8 de setembro de 1954.

Deste xeito, e seguindo o disposto no artigo 10.2 da lei con respecto á potestade regulamentaria das universidades, ao sinalar que poderán introducir especificacións ou gradacións ás infraccións que, sen constituír outras novas nin alterar a natureza ou límites das que a lei contempla, contribúan á máis correcta identificación das condutas respectando os principios da potestade sancionadora, preséntase este Regulamento, que complementa a regulación xa establecida nas Normas de Convivencia da Universidade de Vigo.

A potestade disciplinaria das universidades exerceuse pola persoa titular da Reitoría, que poderá delegala nos termos do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Esta potestade está dirixida a corrixir as infraccións do estudantado que alteren gravemente a convivencia ou que impidan o normal desenvolvemento das funcións de docencia, investigación e transferencia do coñecemento, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial ou penal que puidese derivarse de tales infraccións.

Os principios da instrución do procedemento son os de independencia, autonomía e transparencia, do mesmo xeito que entre os principios sobre os cales se exercerá a potestade disciplinaria, destaca o principio fundamental de legalidade e tipicidade das faltas e sancións, que elimina a ampla marxe de discrecionalidade existente ata o momento.

Con todo, se se considerase que o feito podería ser constitutivo de delito, o procedemento disciplinario suspenderase para poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal. Con todo, a imposición de sancións en vía administrativa ou penal non impide, se teñen distinto fundamento, que se impoñan sancións polas responsabilidades disciplinarias no marco deste procedemento.

Finalmente, o fomento da convivencia no seo da Universidade de Vigo excede o réxime disciplinario e non pode afrontarse, polo menos exclusiva nin preferentemente, mediante o mesmo.

Nas Normas de Convivencia da Universidade de Vigo xa se fai alusión ao procedemento de mediación impulsado pola Comisión de Convivencia e Bo Goberno de nova creación, e recollido neste regulamento, pero consideramos necesario desenvolver actuacións novas que favorezan a convivencia activa entre o estudiantado.

Deste xeito, incluimos medidas substitutivas de carácter educativo ou recuperador, coa colaboración e participación dos estudantes sancionados, orientada á máxima reparación posible do dano causado, co obxectivo de incrementar a corresponsabilidade do estudiantado da Universidade de Vigo.

Artigo 1. POTESTADE DISCIPLINARIA

1. A Universidade de Vigo ten a potestade de sancionar disciplinariamente as infraccións do estudiantado que quebranten a convivencia ou que impidan o normal desenvolvemento das funcións de docencia, investigación e transferencia do coñecemento, sen perxuízo da responsabilidade de carácter civil ou penal que poidera derivarse de tales infraccións.

2. A persoa titular da Reitoría será competente para exercer a potestade disciplinaria, agás nos casos en que unha norma de rango superior dispoña outra cosa, de acordo co previsto no artigo 56.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo. A instrución dos procedementos levarase a cabo pola parte instructora que designe a persoa titular da Reitoría. En calquera caso, as súas actuacións rexiranse polos principios de independencia, autonomía e transparencia. O órgano sancionador poderá apartarse da proposta de resolución da parte instructora, de forma motivada e aténdose aos feitos considerados probados durante a fase de instrución.

3. A potestade disciplinaria exercerase de acordo cos seguintes principios:

- a) Principio de legalidade e tipicidade das faltas e sancións.
- b) Principio de irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables e de retroactividade das favorables á persoa presuntamente infractora.
- c) Principio de responsabilidade.
- d) Principio de proporcionalidade, referido tanto á clasificación das faltas e sancións, como a súa aplicación.
- e) Principio de prescripción das faltas e sancións.
- f) Principio de garantía do procedimientto.

4. Cando da instrucción dun procedemento disciplinario se considerase que o feito podería ser constitutivo de delito, suspenderase a súa tramitación poñéndoo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

5. Non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento.

Artigo 2. RESPONSABILIDADE DISCIPLINARIA

1. O estudiantado comprendido no ámbito de aplicación deste Regulamento responderá polas faltas tipificadas nos artigos 10, 11, 12 e 13 da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de Convivencia Universitaria que cometa nas instalacións, sistemas e espazos da Universidade de Vigo, incluídos os de natureza dixital.

2. O estudiantado que colabore na realización de actos ou condutas delitivas de falta moi grave tamén incorrerá en responsabilidade disciplinaria.

Artigo 3. FALTAS DISCIPLINARIAS

1. As faltas disciplinarias deste regulamento cualifícanse como moi graves, graves e leves.

2. **Considéranse faltas moi graves:**

a) Realizar novatadas ou calquera outra conduta ou actuación vexatoria, física ou psicolxicamente, que supoñan un grave menoscabo para a dignidade das persoas. Noutro caso serán cualificadas como faltas graves.

b) Acosar ou exercer violencia grave contra calquera membro da comunidade universitaria. O exercicio de violencia menos grave poderá ser considerado falta grave.

c) Acosar sexualmente ou por razón de sexo. Estas condutas serán interpretadas conforme ao artigo 7 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

d) Discriminar por razón de sexo, orientación sexual, identidade de xénero, orixe nacional, pertenza a grupo étnico, idade, clase social, discapacidade, estado de saúde, relixión ou crenzas, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

- e) Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos ou aplicacións e sistemas informáticos da Universidade así como utilizar documentos ou declaracións falsos ante a universidade.
- f) Destruír e deteriorar de maneira irreparable ou subtraer obras catalogadas do patrimonio histórico e cultural da universidade.
- g) Plaxiar total ou parcialmente una obra ou cometer fraude académica na elaboración do Traballo de Fin de Grao, do Traballo de Fin de Máster ou da Tese de Doutoramento.
- h) Incumprir as normas de saúde pública establecidas para os centros universitarios, as súas instalacións e servizos, poñendo en risco á súa comunidade universitaria.
- i) Suplantar a unha persoa que integra a comunidade universitaria no seu labor propio ou prestar o consentimento para ser suplantado, en relación coas actividades universitarias.
- j) Impedir o desenvolvemento dos procesos electorais da universidade.
- k) Ter sido condenado, por sentenza firme, pola comisión dun delito doloso que supoña a afectación dun ben xurídico distinto, cometido nos centros universitarios, as súas instalacións e servizos ou relacionado coa actividade académica da universidade.

3. Considéranse faltas graves:

- a) Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.
- b) Deteriorar gravemente os bens catalogados do patrimonio histórico e cultural da universidade.
- c) Impedir a celebración de actividades de docencia, investigación ou transferencia do coñecemento, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos no artigo 3 da Lei de Convivencia Universitaria.
- d) Cometer fraude académica, cando non constituía falta moi grave.
- e) Utilizar indebidamente contidos ou medios de reprodución e gravación das actividades universitarias suxeitas a dereitos de propiedade intelectual.
- f) Incumprir as normas de seguridade e saúde establecidas polos centros universitarios e as súas instalacións e servizos, cando non constituía falta moi grave.

g) Acceder sen a debida autorización aos sistemas informáticos da universidade.

4. Considéranse faltas leves:

a) Acceder a instalacións universitarias ás que non se teña autorizado o acceso.

b) Utilizar os servizos universitarios incumprindo os requisitos establecidos de xeral coñecemento.

c) Realizar actos que deteriorenen os bens do patrimonio da universidade.

5. De conformidade co disposto no artigo 11. g) da Lei de Convivencia Universitaria enténdese como fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico.

Artigo 4. SANCIONES DISCIPLINARIAS

1. As sancións disciplinarias deste regulamento clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. A gravidade da falta cometida determinará as sancións que resulten aplicables.

3. Son sancións aplicables pola comisión de faltas moi graves:

a) Expulsión de dous meses ata tres anos da Universidade. Esta sanción deberá constar no expediente académico ata o seu total cumprimento.

b) Perda de dereitos de matrícula parcial, durante un curso ou semestre académico.

4. Son sancións aplicables pola comisión de faltas graves:

a) Expulsión de hasta un mes da Universidade. Esta sanción non se poderá aplicar durante os períodos de avaliación final e de matriculación previstos no calendario académico da universidade.

b) Perda do dereito á convocatoria ordinaria no semestre académico no que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivera cometido. Esta convocatoria constará como esgotada no expediente académico.

A perda dos dereitos de matrícula non poderá afectar aos dereitos relativos ás bolsas nos termos previstos na súa normativa de desenvolvemento e nas súas convocatorias.

5. A amoestación privada é a sanción aplicable pola comisión de faltas leves.

Artigo 5. MEDIDAS PROVISIONAIS.

1. Antes dá iniciación do procedemento administrativo, a persoa titular da Reitoría, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas. Neste caso, as medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca das mesmas.

2. En calquera momento do procedemento disciplinario, a parte instrutora poderá, de forma motivada, adoptar as medidas provisionais que considere necesarias para evitar o mantemento dos efectos da falta e asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer.

3. A adopción das devanditas medidas poderá ter lugar de oficio ou a solicitude das persoas posiblemente afectadas.

4. Ditas medidas terán carácter temporal, deberán ser proporcionadas e poderán axustarse, de forma motivada, se se producen cambios na situación que xustificou a súa adopción. En todo caso, extinguíranse coa eficacia da resolución que poña fin ao procedemento.

5. A adopción de medidas provisionais non supoñerá prexulgar sobre o resultado do procedemento.

Artigo 6. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO.

1. O procedemento iniciarase sempre de oficio pola persoa titular da Reitoría, ben por propia iniciativa, a petición razoada doutro órgano, ou por denuncia,

e será a encargada de incoar o procedemento mediante a correspondente resolución, na que nomeará á persoa instrutora.

2. O acordo de incoación do procedemento deberá conter, como mínimo: a identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables; os feitos sucintamente expostos, a súa posible cualificación e a sanción que puidese corresponderlles; a designación da persoa instrutora con expresa indicación do réxime de abstención ou recusación; o órgano competente da resolución do procedemento; así como a indicación do dereito para formular alegacións e á audiencia, o prazo correspondente, e o requirimento para que as persoas involucradas no procedemento disciplinario manifesten a súa vontade de acollerse, no seu caso, ao procedemento de mediación.

3. O acordo de incoación do procedemento notificarase á persoa ou persoas interesadas no procedemento.

Artigo 7. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO.

1. A parte instrutora ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos e en particular de cantas probas poidan conducir ao seu esclarecemento e á determinación das responsabilidades susceptibles de sanción.

2. Como primeiras actuacións, a parte instrutora procederá a recibir declaración á persoa ou persoas presuntamente responsables e a evacuar cantas dilixencias se deduzan da comunicación ou denuncia que motivou a incoación do procedemento e do que aquelas alegasen na súa declaración.

3. As partes dispoñerán dun prazo de dez días para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convenientes e, no seu caso, propoñer proba concretando os medios de que pretenden valerse.

4. Á vista das alegacións realizadas e a proba proposta, a parte instrutora poderá realizar de oficio as actuacións necesarias para a determinación dos feitos que puidesen constituír infracción, solicitando os datos e informacións que puidesen resultar relevantes.

5. Se á vista do actuado, a persoa instrutora considera que non existen indicios da comisión dunha falta, ou non fose posible determinar a identidade das persoas posiblemente responsables, propoñerá o arquivo do expediente.

Artigo 8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BO GOBERNO. PROCEDEMENTO DE MEDIACIÓN.

Concluída a práctica das probas, naqueles casos en que as partes houberen manifestado oportunamente a súa vontade de acollerse a un procedemento de mediación, a persoa instrutora remitirá o expediente á Comisión de Convivencia e Bo Goberno, que decidirá se resulta procedente, ou ben se devolve o expediente á parte instrutora para que formule o correspondente prego de cargos.

1. No caso de acollerse a un procedemento de mediación, a persoa instrutora comunicarao ás partes e suspenderase o procedemento disciplinario. Se se chegase a un acordo no marco do procedemento de mediación, a parte instrutora arquivará o expediente; en caso contrario, continuará coa tramitación do procedemento disciplinario.

O procedemento de mediación terá que finalizar no prazo máximo dun **mes**, desde a data da celebración da primeira sesión entre a persoa mediadora e as partes afectadas. Só poderá prorrogarse unha soa vez por un prazo máximo de **quince días** cando concorran razóns de carácter excepcional que deberán acreditarse no acordo de prórroga, que terá que contar coa aceptación expresa das partes.

Este procedemento de mediación poderá finalizar por alcanzar un acordo entre as partes, por desestemento de todas ou algunha das partes, porque transcorrese o prazo máximo, ou porque a persoa mediadora aprecie de maneira motivada que as posicións das persoas interesadas na mediación son irreconciliables.

A persoa mediadora levantará unha acta final do procedemento de mediación, asinada por ela mesma e as interesadas na mediación, no que se expresará o acordo total ou parcial alcanzado por elas, ou noutro caso, o motivo da conclusión do procedemento.

2. Se as partes non houberen manifestado a súa vontade de acollerse a un procedemento de mediación, ou finalizase sen acordo o procedemento de mediación, a parte instrutora formulará o prego de cargos.

Artigo 9. PREGO DE CARGOS.

1. Se non se tramitou o procedemento de mediación ou este concluíse sen acordo ou sen resolver a totalidade das cuestións expostas, a parte instrutora, tras recibir o expediente coa documentación adxunta da Comisión de

Convivencia e Bo Goberno, continuará coa tramitación do procedemento disciplinario coa formulación do prego de cargos polo seu obxecto total ou parcial, segundo corresponda.

2. A recepción da documentación remitida por esta Comisión determinará a reanudación do prazo de caducidade do procedemento disciplinario.

3. O prego de cargos incluirá os feitos imputados con expresión, no seu caso, da falta presuntamente cometida, das sancións que poidan ser de aplicación e, se procede, acordará o mantemento ou levantamento das medidas provisionais.

4. O prego notificarase á persoa ou persoas presuntamente responsables que **dispoñerán** dun prazo de dez días para formular as súas alegacións, achegar os documentos e informacións que consideren oportunos para o seu defensa, e propoñer a práctica de probas.

5. Contestado o prego ou transcorrido o prazo sen facelo, a parte instrutora poderá acordar a práctica das probas que considere oportunas e dará audiencia ao interesado, no prazo de dez días.

Artigo 10. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

1. A parte instrutora formulará, dentro dos dez días seguintes, a súa proposta de resolución na que se fixarán os feitos de maneira motivada, especificándose os que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, e determinarase a infracción que constitúan, así como a persoa ou persoas que resulten responsables, especificándose a sanción que se propón que se imponha e as medidas provisionais que se tiveran adoptado. Se a xuízo da parte instrutora non existise infracción ou responsabilidade, propoñerá o arquivo do expediente.

2. Se a sanción tivese a cualificación de grave e se cumprisen os requisitos establecidos no artigo 15 do presente Regulamento da Universidade de Vigo, a parte instrutora, despois de elaborar a proposta de resolución, poderá plantexar, ás persoas interesadas no procedemento disciplinario que fosen partes afectadas, a substitución da sanción disciplinaria contemplada por unha medida substitutiva de carácter educativo ou recuperador cun duración determinada, para que no prazo de tres días manifesten expresamente se están conformes con esta substitución.

Se dentro deste prazo se recibese a conformidade das partes interesadas, incorporárase na proposta de resolución sancionadora que se remita ao Reitor

a medida substitutiva en lugar da sanción prevista, especificándose os mecanismos que garantan o efectivo cumprimento destas medidas.

Cando non se obteña esta conformidade neste prazo manterase a proposta de resolución sancionadora que se elaborou inicialmente.

3. Se a parte instrutora aprecia que non existe infracción disciplinaria ou responsabilidade, incluirá na súa proposta de resolución o arquivo do expediente.

Artigo 11. TRÁMITE DE AUDIENCIA.

1. A proposta de resolución notificarase á persoa expedientada, que terá un prazo de dez días para alegar diante da parte instrutora canto considere conveniente na súa defensa e achegar os documentos e informacións que estime pertinentes, e que non puidese achegar no trámite anterior.

2. Transcorrido este prazo de alegacións, fosen ou non formuladas, a parte instrutora abrirá un trámite de audiencia ao resto dos interesados, se os houbera, por un mesmo prazo de dez días.

3. A parte instrutora, no seu caso, incorporará de forma motivada á proposta de resolución as alegacións presentadas que estime procedentes.

Artigo 12. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO.

1. No prazo de dez días tras a conclusión do trámite de audiencia, a parte instrutora elevará á persoa titular da Reitoría a proposta definitiva de resolución do procedemento disciplinario.

2. Unha vez recibido o expediente completo do procedemento disciplinario, a persoa titular da Reitoría poderá acordar devolvelo á parte instrutora para que practique as dilixencias que considere que resultan imprescindibles para a resolución. Realizadas estas dilixencias, a parte instrutora terá que elaborar unha segunda proposta de resolución e conceder un segundo trámite de audiencia antes de remitirle o expediente á persoa titular da Reitoría para a súa resolución.

3. A persoa titular da Reitoría, ao resolver o procedemento disciplinario, poderá apartarse da proposta de resolución da parte instrutora, de forma motivada e aténdose aos feitos considerados probados durante a fase de instrución. Se considera que a infracción ou a sanción revisten maior

gravidade que a determinada na proposta de resolución, notificarase á persoa inculpada e ao resto dos interesados para que acheguen cantas alegacións estimen convenientes no prazo de quince días.

4. A resolución que poña fin ao procedemento disciplinario haberá de ser motivada e decidirá todas as cuestións expostas polas persoas interesadas, e aquelas outras que resulten do procedemento.

5. O procedemento poderá finalizar pola resolución sancionadora, o arquivo, o recoñecemento voluntario da responsabilidade, a declaración de caducidade, o desestimento da Universidade de Vigo ou por imposibilidade material por causas sobrevindas.

Artigo 13. PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO SIMPLIFICADO.

1. Para aqueles casos en que a xuízo da parte instrutora existan elementos suficientes para considerar que os feitos puidesen dar lugar a unha falta leve, poderase prever un procedemento abreviado ou simplificado, con redución dos prazos e simplificación dos trámites, nos termos do disposto no artigo 19 g) da Lei de Convivencia Universitaria e no artigo 96.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Esta tramitación de forma simplificada realizarase aínda que medie a oposición expresa por parte do estudantado que sexa o presunto infractor.

3. Os procedementos disciplinarios, respecto do estudantado da Universidade de Vigo, tramitados de maneira simplificada, deberán ser resoltos no prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao que se notifique aos interesados o acordo de tramitación simplificada do procedemento, e constarán unicamente dos seguintes trámites:

a) Inicio do procedemento de oficio.

b) Formulación do prego de cargos.

c) Alegacións formuladas fronte ao prego de cargos.

d) Trámite de audiencia único para o estudantado inculpado e para o resto das partes interesadas no procedemento disciplinario, se as houbese.

e) Proposta de resolución.

f) Resolución da persoa titular da Reitoría.

Artículo 14. CADUCIDADE DO PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO.

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución dun procedemento disciplinario é de seis meses a contar desde a data da resolución de incoación á persoa interesada, salvo nos tramitados de forma simplificada nos que o prazo será de trinta días.

2. Sen prexuízo do anteriormente disposto, e de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establécese excepcionalmente a posibilidade de ampliar o prazo máximo para resolver e notificar por parte da persoa que ocupe a Reitoría, non podendo ser o prazo ampliado superior ao establecido para a tramitación do procedemento,

3. O vencemento do prazo máximo para resolver sen que se ditara e notificara a resolución expresa producirá a caducidade, que por si soa, en todo caso, non producirá a prescrición da falta.

Artigo 15. MEDIDAS SUBSTITUTIVAS DE CARÁCTER EDUCATIVO OU RECUPERADOR.

1. Establécense como medidas substitutivas das sancións aplicables pola comisión de faltas graves a participación ou colaboración do/a estudante sancionado/a en actividades formativas, culturais, de saúde pública, deportivas, de extensión universitaria e de relacións institucionais, e outras similares das que sexa responsable a Universidade de Vigo. Por medio dunha resolución reitoral aprobarase un catálogo destas medidas substitutivas.

2. As medidas substitutivas non poderán consistir no desempeño de funcións e tarefas asignadas ao persoal da Universidade de Vigo.

3. A duración das medidas substitutivas fixarase atendendo ao principio de proporcionalidade, sen que poida ser superior a un semestre académico.

4. A parte instrutora do procedemento disciplinario poderá propoñer ás partes afectadas a substitución da sanción correspondente a unha infracción grave por algunha das medidas previstas no apartado 1 cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se garantan plenamente os dereitos da persoa ou persoas afectadas.

b) Que exista conformidade da persoa ou persoas afectadas pola infracción e da persoa infractora, e quede debidamente acreditado.

c) Que, cando resulte procedente, a persoa ou persoas responsables teñan mostrado a súa disposición para restaurar a relación coa ou coas persoas afectadas pola infracción e esta quede debidamente acreditada. Esta restauración facilitarase sempre que a persoa ou persoas afectadas presten o seu consentimento de maneira expresa.

5. A medida substitutiva da sanción que se propoña terá que estar orientada á máxima reparación posible do dano causado. Na resolución sancionadora deberanse recoller mecanismos que garantan o seu efectivo cumprimento.

Artigo 16. GRADACIÓN DAS SANCIÓN S

O órgano da Universidade de Vigo competente para sancionar concretará a sanción dentro da súa gravidade adecuándoa ao caso concreto, sempre de forma motivada, segundo o principio de proporcionalidade e ponderando de conformidade cos seguintes criterios:

a) A intencionalidade ou reiteración.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) O ánimo de lucro.

d) O recoñecemento da responsabilidade, mediante a comunicación do feito infractor ás autoridades da Universidade de Vigo con carácter previo á iniciación do procedemento disciplinario.

e) A reparación do dano con carácter previo á iniciación do procedemento disciplinario.

f) As circunstancias persoais, económicas, de saúde, familiares ou sociais da persoa infractora.

g) O grao de participación nos feitos.

h) A realización da acción por calquera das causas de violencia, discriminación ou acoso referidas no artigo 3.2.c) da Lei de Convivencia Universitaria.

Artículo 17. MEDIDAS ACCESORIAS

1. Ademais da imposición das sancións previstas no artigo 4 deste regulamento que en cada caso correspondan, a resolución do procedemento disciplinario poderá declarar a obriga, no prazo que se fixe, de:

- a) Restituír as cousas ou reponelas ao seu estado anterior.
- b) Indemnizar os danos por contía igual ao valor dos bens destruídos ou o deterioro causado, así como os prexuízos ocasionados.

2. As indemnizacións que se determinen terán natureza de créditos de Dereito público da Universidade de Vigo e o seu importe poderá ser exixido ao estudante sancionado polo procedemento de apremio.

Artigo 18. PROHIBICIÓN DE CONCORRENCIA DE SANCIONES

No se poderá impoñer unha sanción disciplinaria por feitos polos que previamente teñan sido sancionados penal ou administrativamente cando se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

Artigo 19. EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE

1. A responsabilidade disciplinaria do estudantado quedará extinguida por:

- a) O cumprimento da sanción ou, de ser o caso, da medida substitutiva.
- b) A prescrición da falta ou da sanción.
- c) A perda da vinculación do estudante coa Universidade de Vigo.
- d) O falecemento da persoa responsable.

2. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses. As sancións impostas por faltas moi graves, por faltas graves e por faltas leves prescribirán, respectivamente, aos tres anos, aos dous anos e ao ano.

3. O prazo de prescrición das faltas comezará a contarse a partir da súa comisión, ou do día no que cese a súa comisión cando se trate de faltas continuadas. O prazo de prescrición das sancións iniciárase desde a firmeza da resolución sancionadora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL: Nos aspectos non regulados na presente normativa, estarase ás previsións da Lei 3/2022, do 24 de febreiro de convivencia universitaria

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Réxime transitorio dos procedementos disciplinarios. Os procedementos disciplinarios iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento seguiranse tramitando pola normativa anterior.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. Entrada en vigor. O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da Universidade de Vigo.